

CIG-SAÚDE vén de solicitar a retirada do nomeamento estatutario eventual de continuidade, coñecido como contrato de precarias.

Na reunión da mesa sectorial celebrada hoxe 19 de xullo de 2019, abordouse o tema da “*Extensión do nomeamento estatutario eventual de continuidade á categoría de enfermeira/o*”.

A CIG-Saúde esixiu a retirada deste tipo de nomeamento para médicas/os de primaria e enfermeiras/os por ser lesivo para as/os traballadoras/es, porque aumenta a precariedade laboral, a dispoñibilidade para o SERGAS e por crear unha fenda salarial neste persoal.

Este vínculo incorpora no cadro de persoal do SERGAS prazas fixas con condicións laborais precarias. As novas prazas fixas serán nas mesmas condicións que as dos contratos precarios.

A CIG-SAÚDE esixe o mesmo tratamento para o persoal eventual que para o persoal fixo. É inadmisíbel que asinemos un acordo de mellora de condicións de persoal de PACs e pola contra se lles dea os parabéns ao SERGAS con este contrato precario.

Algúnhas diferenzas entre o acordo de PACs e o contrato precario.	
Acordo PACs	Nomeamento precarias
Plans funcionais sen incremento da xornada ordinaria	Obrigatoria xornada ordinaria + xornada complementaria
Cumprimento das carteleiras establecidas a primeiro de ano	Con sorte coñecerán o 60% da carteleira do seguinte mes
Prestación de servizo nun único PAC	Prestación en máis dun centro e PACs do mesmo distrito

E que pasa coas retribucións?

O persoal que asine un destes contratos terá unha discriminación salarial cando realice gardas obrigatorias nos PACs, o valor da hora de xornada será inferior para o persoal facultativo e non recibirán ningunha retribución polo traballo en quenda nocturna nin pola prestación en domingos e festivos.

Categoría	Valor hora Complementaria	Nocturnidade	Domingos e Festivos
Médica/o PACs	25.56 €/hora	5.07 €/hora	12.07 €/hora
Médica/o Precaria	23.76 €/hora	00 €/hora	00 €/hora
Enfermeira/o PACs	16.74 €/hora	4.07 €/hora	9.69 €/hora
Enfermeira/o Precaria	18.91 €/hora	00 €/hora	00 €/hora

Para a CIG-SAÚDE estas e outras son razóns de peso suficiente para esixir a retirada deste nomeamento de precariedade.

Eliminar a precariedade na contratación no SERGAS é posible, só é cuestión de mudar as políticas de persoal.

CIG-SAÚDE esixe:

- A retirada da taxa de reposición, e a negociación dun **plano de emprego no SERGAS** para cubrir todas as prazas vacantes.
- **Contratación pola ausencia do titular** e non contratar por carteleira, negando así as libranzas correspondentes ás que o persoal ten dereito.
- Os contratos por **días soltos** serán ofertados só para cubrir a ausencia dun titular que solicite este permiso.
- Mellorar a **xestión** dos chamamentos.
- Negociación dun **novo sistema retributivo**.

Para ter dereito ás túas libranzas e permisos non tes por que ter un contrato precario!